



Música | Contemporánea

Sonor Ensemble

Extraordinaria simbiose entre música e poesía

Conxunto de cámara integrado por solistas e profesores con experiencia sinfónica como de cámara. Concerto dirixido por Luis Aguirre, co pianista Sebastián Mariné e a mezzosoprano Guðrún Ólafsdóttir.

que

Oliver Rappoport (1980)

Preludio para un aniversario (2013) **

Román Alís (1931-2006)

Tres canciones de La roda del temps sobre poemas de Salvador Espriu (1982)

Delfín Colomé (1946-2008)

De algo incierto, cinco canciones sobre poemas de Anunciada Fernández de Córdova (2006)

Eurico Carrapatoso (1962)

Cinco reflexões sobre Peer Gynt (2011)



Federico García Lorca (1898-1936) / Federico Jusid (1973)

Cinco canciones populares españolas (1916/2005)

José Luis Turina (1956)

Dos tangos, de Danzas entrelazadas (2011) *

Federico Jusid (1973)

Piano (tango variations) (2010)

* obra encarga do Centro Nacional de Difusión de la Música (CNDM)

** obra encarga da Asociación Sonor Ensemble

SONOR ENSEMBLE

É un conxunto de cámara formado por solistas e profesores con grande experiencia sinfónica e de cámara. Sen esquecer as obras fundamentais do Barroco, Clasicismo, Romanticismo e s. XX, mantivo unha destacada política de estreos desde a súa fundación. Moi diversos compositores escribiron ou escriben obras para o Sonor Ensemble, entre outros: Zulema da Cruz, Ángel Oliver, Manuel Angulo, Claudio Prieto, Delfín Colomé, Javier Jacinto, Federico Jusid, Gustavo Gini, Oliver Rappoport, Gloria Isabel Ramos, Rodrigo Lima, Eurico Carrapatoso, José Luis Turina, Santiago Quintans etc. Máis de cen actuacións e unha trintena de estreos falan da importante bagaxe dunha agrupación que actuou en diferentes concertos e festivais en España, Bulgaria, Finlandia, Suecia, Suíza, China, Corea do Sur, Rusia, Italia, Portugal, Arxentina e Francia. Gravou para RNE, RTVE e Fundación Autor.

LUIS AGUIRRE director

Nacido en Madrid, realizou estudos de economía na Universidade Autónoma e de piano, composición e dirección de orquestra no Real Conservatorio Superior de Música, ampliando a súa formación na Guildhall School of Music and Drama (Londres), Mozarteum (Salzburgo) e na Universidade de Indiana. Durante 1986 e 1987 foi director asistente da Orquesta Nacional de España e entre 1995 e 1997 foi director titular e artístico da Orquesta Pablo Sarasate de Pamplona. Desde a súa creación en 2004 é director musical e artístico do Sonor Ensemble. Actuou en numerosos países de Europa, América, África e Asia e realizou gravacións para RNE, TV5, RTVE e Fundación Autor. Dirixiu entre outras á New Orchestra of Boston, Bournemouth Symphony Orchestra, Solistas do Metropolitan de Nova York, Sinfónica de Santa Fe, Filarmónica de Jalisco, The Nairobi Orchestra, Sinfónica Nacional Portuguesa, Orquesta Nacional de España, Sinfónica de RTVE, Sinfónica de Madrid e a maioría das orquestras sinfónicas españolas.

GUÐRÚN ÓLAFSDÓTTIR mezzosoprano

Estudou canto no Conservatorio de Música de Reykjavík e na London Guildhall School. Traballou con numerosas orquestras europeas e ofreceu recitais en Islandia, Inglaterra, Escocia, España e Italia. No campo do oratorio, o seu traballo abrangue desde a Misa en si menor de Bach á estrea da Chile is born de John Speight. Os seus proxectos dentro da música contemporánea inclúen lero Oniro (John Tavener) en directo para BBC Radio 3 como parte dos BBC Proms e Vocalise (Hjálmar H. Ragnarsson). Foi galardoada coa bolsa Miriam Licette (Covent Garden), o Premio de Lieder Schubert, Premio Madelin Finden Memorial Trust, o premio á mellor intérprete de lied na Competición Kathleen Ferrier (Wigmore Hall, Londres) e o terceiro premio no Concorso Vocale Internazionale dei Musica Sacra de Roma.

SEBASTIAN MARINÉ, piano

Estudou Piano con R. Solís, Composición con R. Alís e A. G^a Abril e Dirección de Orquestra con I. G^a Polo e E. G^a Asensio no Conservatorio Superior de Música de Madrid, obtendo Matrículas de Honra en todos os cursos e Premio Fin de Carreira en Piano. Ao mesmo tempo, licenciouse en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid. Actuou como solista coas Orquestras de RTVE, Sinfónicas de Madrid, de Sevilla, de Baleares, da Comunidade de Madrid, Cidade de Granada, de Valladolid, de Asturias, etc. Estreou os concertos para piano e orquestra escritos para el de Valentín Ruiz, Rafael Cavestany e Fernando Aguirre. Gravou catro CDs con música española para saxofón e piano, un CD coas sonatas para piano só e para clarinete e piano de Robert Stevenson e recentemente, un coas súas propias obras para piano só.

Merece destacar o grande éxito obtido pola súa recente Primeira Sinfonía, estreada o 11 de abril de 2013 no Teatro Monumental de Madrid pola Orquesta Sinfónica de RTVE. Desde 1979 é profesor no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, así como tamén, desde a súa fundación en 1991, na Escola Superior de Música "Reina Sofía" que dirixe Paloma O'Shea. É pianista do Sonor Ensemble desde 2010 actuando con dito grupo en numerosos concertos en España ademais de Italia, Portugal, Francia e Islandia.

onde	cando	puntos de venda	de interese
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) Rúa Valle Inclán s/n	Luns 28 outubro 2013 20:30	5 € Billeteira do Teatro Principal. Aberta de martes a sábado (+ días de evento) de 18.00 a 21.00h. Os días que hai evento no teatro, a venta anticipada remata ás 20.00h e só se venden entradas para o espectáculo dese día. Teléfono da billeteira: 981 542 349 entradas.novagaliciabanco.es 902 434 443	Abonos: abono 10 concertos - 50 euros / abono 3 concertos (RFG, OSG, Ensemble Modern) 25 euros / abono 7 concertos (JONDE, CGAC, Paraninfo, Igrexa Universidade, Salón Teatro) 30 euros. Ofertas especiais: Abonados do Auditorio de Galicia: abono 7 concertos (JONDE, CGAC, Paraninfo, Igrexa Universidade, Salón Teatro) - 30 euros (obsequio: entrada Ensemble Modern). Abono Universitario e Asociación de amigos do CGAC / abono 10 concertos - 40 euros